CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)
Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

CIRCULAR INFORMATIVA

En data 29 de outubro, recibimos un correo da xestoría que elabora as nóminas de laboral do Concello, no que nos indicaban que tras unha actualización do programa agora poden remitir o documento da nómina dende o seu programa de xeito automático, ao correo que se lles indique para tal fin. Xuntase con esta circular o modelo para solicitar o envío das nóminas ao correo que se indique.

Deste xeito, de forma paulatina, segundo nos comentan da xestoría, van ir dando de alta os correos dos traballadores para que a principios de mes (o primeiro ou segundo dia hábil) se remitan de xeito automático as nóminas ao correo indicado.

De todos os xeitos, as nóminas estarán como ata o de agora a vosa disposición nas oficinas municipais para aquelas persoas que precisen imprimilas.

No modelo vai incluído un check para autorizar a remisión de información por correo: convocatorias de formación, avisos diversos,... todo elo de índole laboral. As persoas que marquen dito check autorizaran a formar parte dunha lista de distribución para o envio de información de índole laboral dende o Concello.

En Boimorto na data da sua sinatura dixital.
A alcaldesa

Asdo.- Maria Jesus Novo Gomez.

CVD: rH+hUoKDqShAnmvQ+6wh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Consentimento persoa traballadora uso de conta de correo particular

Boimorto, en data_____.

O Concello de Boimorto é o Responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle de que estes datos trataranse de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 (GDPR), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD) e a Lei (É) 1/1982 de protección civil, dereito á honra, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Finalidade e lexitimación do tratamento: envío da súa nómina mensual á súa conta de correo electrónico persoal previa solicitude do seu consentimento específico para iso (art. 6.1.a) GDPR).

Importante: vostede non ten obrigación de facilitarnos a súa conta de correo electrónico particular para o fin arriba especificado, no caso de non autorizalo recibirá a súa nómina mensualmente de maneira presencial nas dependencias administrativas de Concello de Boimorto.

Criterios de conservación dos datos: a súa conta de correo electrónico particular conservarase durante non máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento, é dicir mentres se lle estean remitindo as nóminas á mesma, ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia e cando xa non sexa necesario para iso, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a anonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: non se comunicará en ningún caso, salvo obrigación legal.

Dereitos que asisten ao Interesado:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e de limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación #ante a Autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

Concello de Boimorto. **Rúa Vilanova, 1, 15817 Boimorto, A Coruña.** E-mail: ramon@nossolucions.es **Datos de contacto do delegado de protección de datos:** Ramón Santos Pérez, C/ Carcasía num. 38, 15200 Noia - ramon@nossolucions.es

SI	NON	AUTORIZO
☐	☐	O envio da miña nómina mensual a miña conta de correo electrónico particular.
☐	☐	A formar parte dunha lista de distribución para o envio de información de indole laboral, accións formativas e avisos.

A tal efecto a miña conta é a seguinte:

_____@_____.

O **Interesado** ou o seu representante legal consente o tratamento dos seus datos nos termos expostos:

Nome _____, con NIF_____

Representante legal de _____, con NIF_____.

Sinatura:

CVD: rH+hUoKDqShAnmvQ+6wh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.